

NOTA DE PRENSA | 18 de setembro do 2025

O cinema galego consolídase no London Spanish Film Festival coas estreiras en Reino Unido de '+Cuñados' e 'Antes de Nós'

- A terceira edición da sección 'Letters from Galicia' acollerá os días 23 e 24 de setembro unha programación que combina comedia, cinema autoral e curtametraxes alén de actividades presenciais
- O director Luis Avilés presentará a estreira no Reino Unido de '+Cuñados' o 23 de setembro
- O día 24 tamén está previsto un coloquio *in situ* con Xoa Fórneas, protagonista de *Antes de Nós*, que será moderado pola viguesa Adriana Páramo, cineasta e representante do GFF



'+Cuñados' e 'Antes de Nós' serán as longametraxes galegas que se proxectaran no LSFF

O audiovisual galego ocupa por terceiro ano consecutivo unha **sección específica** no **21st London Spanish Film Festival (LSFF)** que permitirá a proxección na capital británica dos filmes **+Cuñados**, **Antes de Nós** e unha escolma de curtametraxes de novísima factura. Os días **23 e 24 de setembro** concentrarán a actividade da sección **Letters from Galicia** que incluírá tamén varios eventos presenciais. Esta sección está organizada polo Galician Film Forum (GFF) e finánciase en virtude da colaboración establecida entre o ICAA e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Xunta de Galicia. Conta, ademais, co apoio da adegas Méndez-Rojo e Abanca.

O LSFF, que celebra 21 anos de vida, é dun dos festivais de cinema español máis importantes do Reino Unido e alberga desde hai tempo seccións diferenciadas doutras comunidades, algunhas delas tan veteranas como a catalá e a vasca con 17 e 16 anos de vida, respectivamente. O espazo galego, con tres edicións, estase a consolidar como un escaparate internacional do cinema máis recente do país e este ano aposta por unha programación diversa que arrancará coa estreira no Reino Unido da comedia **+Cuñados** o 23 de setembro, ás 18:15 horas no Ciné Lumière. Logo da proxección comezará un

coloquio co **director, Luis Avilés**, que será moderado por Adriana Páramo, cineasta e representante do Galician Film Forum

Tamén ese día e no mesmo lugar, pero ás 20:30 horas, será a quenda de **Short Letters from Galicia**, unha sesión de curtametraxes galegas que estará integrada polos títulos **Resonancias** (Diana Gonçalves, 2025), **Abellón** (Fon Cortizo, 2024), **Eu vou comigo** (Chelo Loureiro, 2024) e **Curmán** (Alejandro Jato, 2025). Un chisco antes desta sesión, ás 20:00 horas, haberá un brinde cortesía da adega Méndez-Rojo.

O mércores 24, ás 20:15 horas, no Riverside Studios será a estrea británica do filme **Antes de Nós** dirixido por Ángeles Huerta. Ao rematar está previsto un **encuentro co actor Xoa Fórneas** que tamén será moderado por Adriana Páramo.

O GFF: unha década a prol do cinema galego

Detrás de *Letters from Galicia* atópase o **Galician Film Forum (GFF)**, un colectivo que este ano celebra o seu décimo aniversario. O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. En palabras de Adriana Páramo, “este aniversario é unha proba da madurez do proxecto e supón unha ocasión perfecta para seguir fortalecendo a presenza do cinema galego no Reino Unido”. E salienta o feito de que “Letters from Galicia opera como unha fiestra do talento diverso e das novas xeracións de creadoras e creadores que proxectan a nosa cultura e a nosa identidade ao mundo”.

3rd LETTERS FROM GALICIA | PROGRAMACIÓN

Martes 23 de setembro | 18:15 h | Ciné Lumière I | **+Cuñados**

Coloquio co director Luis Avilés moderado por Adriana Páramo (GFF)

Entradas: <https://londonspanishfilmfestival.com/cunados/>

Martes 23 de setembro | 20:30 h | Ciné Lumière II | **Short letters from Galicia**

Proxección das curtametraxes: *Resonancias*, *Abellón*, *Eu vou comigo* e *Curmán*

Brinde previo ás 20.00 h cortesía da adega Méndez-Rojo

Entradas: <https://londonspanishfilmfestival.com/short-letters-from-galicia/>

Mércores 24 setembro | 20:15 h | Riverside Studios **Antes de Nós**

Encuentro co actor protagonista Xoa Fórneas moderado por Adriana Páramo (GFF)

Entradas: <https://londonspanishfilmfestival.com/antes-de-nos/>

Web do LSFF: <http://www.londonspanishfilmfestival.com/>

Galician Film Forum

En 2015 un colectivo de galegos residentes en Londres puxo en marcha o **Galician Film Forum (GFF)**, coa intención de promover e visibilizar o cinema galego na capital do Reino Unido. A súa actividade artículase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

CONTACTO DE PRENSA | Bea Pérez | 604 070 409 | galicianfilmforum@gmail.com

With the
sponsorship of:



With the
support of:



In collaboration
with:

